

O noso descoñecemento do pasado por veces condénanos ao erro interpretativo. Iso explica que moitas veces considere mos que unha realidade presente se xustifica porque, ata onde alcanza a memoria, sempre foi así.

Esa ignorancia atrevida é a que ten servido a moita xente, durante demasiado tempo, para defender os seus prexuízos antihomosexuais, pois é moi doado argumentar que algo se fai non por propia convicción, senón seguindo unha inercia tradicional.

Contra este manto de esquecemento do que foi unha parte da Historia europea en xeral e da galega en particular tenta loitar *Amigos e sodomitas*, o ensaio do investigador e profesor Carlos Callón que recibiu recentemente o Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais.

Manexando abundosas fontes documentais e bibliográficas, Callón demostra como a intolerancia homófoba que acabou sendo considerada polo cristianismo como pecado de sodomía non se configura como tal ata a Baixa Idade Media, nun período de tempo que podemos situar, grosso modo, entre os séculos XI e XIV. Con anterioridade a este momento, as relacións homoeróticas non só eran toleradas pola sociedade, senón mesmo aceptadas con normalidade e, polo tanto,

# Homoerótica medieval

## Prendendo novos farois

ARMANDO REQUEIXO

non sufrían das represalias que logo propiciou con saña a Igrexa católica.

Para evidenciar que é xusto nos finais do Medievo cando as pulsións homofóbicas se van empre-

gar intereseiramente dende o relixioso e político, Callón repasa as circunstancias históricas que confirman o tránsito da inexistencia desa problemática á súa consagración. E así, dáenos cumprida noticia da primeira unión documentada entre dous homes na Idade Media (a de Pedro Díaz e Muño Vandilaz no 1061), explícase como o desprezo homosexual serviu como arma política contra a nobreza galega enfrontada a Afonso X e incluso se relata como a haxiografía de San Paio o transformou de efebo mártir en santo militar das guerras relixiosas entre cristiáns e musulmáns.

Na mesma liña, tamén se revisitan diversos textos da nosa lírica trobadoresca para constatar que as relacións eróticas homosexuais e lésbicas estaban á orde do día e, por máis que fosen presentadas dende o satírico, amosaban unha visión moito máis indulxente desta vivencia amorosa que a que establecían os códigos legais e relixiosos que por ese tempo comezaban a tomar forma.

Ameno e ben informado, *Amigos e sodomitas* é un ensaio de máis que recomendable lectura que, en palabras do propio Carlos Callón, "prende novos farois" para alumar, dende o histórico, unha realidade sobre a que pairaban abundas sombras.

CALLÓN, Carlos, *Amigos e sodomitas*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2011, PVP:15 €

